

Escuro rumor

Tras o silencio de Isidro Novo




ROMÁN RAÑA

A presente novela, *Un escuro rumor tralo silencio*, foi galardoada na IV Edición do Premio Vicente Risco de Literatura Fantástica. No seu autor, Isidro Novo, non é recente a afección polos xéneros da literatura popular (publicou o western en clave irónica, *Por unha presa de machacantes*). Agora o xénero elixido é o da ficción científica, mais deixando tamén aquí a súa pegada irónica e a mordaz distorsión das situacións anunciadas en traballos anteriores.

A novela sitúa a súa acción a finais do século XXI, nunha cidade que todos recoñecemos, Clunia Vella, cuxo máximo rexedor, Abril Vasconcello, resulta igualmente recoñecíbel como o alcalde dunha cidade galega actual. Nesa urbe do futuro, fortemente tecnificada, conviven personaxes que axiña gañan o aprezo do lector. Manancial García é un desempregado que vive unha situación de deterioramento sentimental coa súa parella, Arzaia, coa cal tivo un fillo, Alén; o doutor Amencer Outeiro, científico que conserva unha rectitude ética que o marxina da elite gobernante; unha galería de personaxes parahumanos, Siringo, Teba, Li, etc., que manteñen a súa humanidade baixo a aparencia de animais-mascota fabricados por científicos desaprensivos.

A cidadanía do futuro, a das clases poderosas, non sae ben parada na novela, pois, por

esnobismo estrafalario, dedícanse a pedir mascotas semihumanas que logo, cando se fartan delas, deixan fóra da súa sociedade e, mesmo, deciden eliminalas. Aquí xorde o primeiro conflito. O segundo nace do desmedido afán especulativo dos capitalistas. Para repoboaren rapidamente os bosques co fin de fabricaren móbeis de madeira, espállanse os cultivos de árbores transxénicas que alteran moi gravemente a súa composición celular chegando a unha aberrante situación que dexenera en catástrofe.



Esta primeira e misteriosa epidemia concita o interese do lector pois o novelista organiza o seu material narrativo ao modo das obras de suspense, conseguindo manter a expectativa intacta até un segundo andazo, de menor interese.

Estamos, pois, ante unha novela amena, con boa dose de intriga, ben escrita por Isidro Novo pero que quizais pode resultar un chisco longa.

NOVO, Isidro, *Un escuro rumor tralo silencio*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2005, 253 páxinas